



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE VILAMARÍN PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE DA OU-189

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formilizar co Concello de Vilamarín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31/12/2022.

Que o convenio ten por obxecto a mellora da seguridade viaria nunha estrada secundaria que discorre integramente polo territorio do concello de Vilamarín. Preténdese renovar a capa de rodadura e construír beiravías e beirarrúas para mellora da súa seguridade. O convenio tamén recolle o cambio de titularidade da totalidade da estrada a prol do concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, que contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Vilamarín ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

